

RÚBRICA DAS BIOGRAFÍAS DE CIENTÍFIC@S - TICs 4ºESO

Puntuación das biografías de científicos no apartado de blog (sobre 6 puntos)

| INDICADORES | 0 | 0,25 | 0,5 |
|---|-------------------------------|--|---|
| Calidade da portada (debe estar o nome do autor) e o índice (na mesma orde que o documento) | Non hai portada nin índice | Falta un dos dous elementos, ou os dous son moi simples | Hai portada e índice ben traballados |
| Orde das biografías | Desorde total | Algunha biografía fóra do seu sitio, ou non están todas | Todas as biografías no seu lugar |
| Presencia de elementos gráficos | Non hai ningunha foto | Hai algunhas fotos, pero non en todos os capítulos | Hai unhas cantas fotos en cada capítulo |
| Bibliografía ou Referencias | Non se indican as referencias | Nalgún capítulo si hai referencias, noutros non, ou as referencias son moi simples | Todos os capítulos teñen ben especificadas as referencias |

| INDICADORES | 0 | 0,5 | 1 | 1,5 |
|-----------------------------|-----------------------------------|--|--|------------------------------------|
| Data de entrega do traballo | Chega na última quincena do prazo | Chega na quincena anterior á de 0 puntos | Chega na quincena anterior á de 0,5 puntos | Chega no primeiro mes do trimestre |

| INDICADORES | 0,5 | 1 | 1,5 | 2 | 2,5 |
|-----------------------|------------------------|------------------------|------------------------|-------------------------|---------------------|
| Extensión do traballo | Arredor das 25 páxinas | Arredor das 50 páxinas | Arredor das 75 páxinas | Arredor das 100 páxinas | Máis de 125 páxinas |

ACLARACIÓNS IMPORTANTES

O traballo debe presentar os seguintes parámetros de maquetación:

- Tipografía Times New Roman (ou similar) de 12 puntos,
- Interlineado sinxelo
- Marxes de 2 centímetros
- A portada e o índice deben ocupar páxinas diferentes

Este traballo é individual, e para poder certificalo, cada alumno/a debe presentar as biografías nunha orde diferente, relacionada coas iniciais do seu nome e apelidos. Por exemplo, unha persoa chamada Roberto Catoira Viñán debería ordear as biografías do seguinte xeito:

- Primeiro as que comezan pola letra R (inicial de Roberto)
- Despois as que comezan pola letra C (inicial de Catoira)
- Despois as que comezan pola letra V (inicial de Viñán)
- Por último, todas as demais, ordeadas do A ao Z.

Se o traballo enviado non cumpre esta condición, NON será ACEPTADO.

Na portada debe constar o nome completo (Nome/s e apelidos) da persoa que realizou o traballo, para que o profesor poida constatar o antes posible que a orde das biografías sexa a correcta.

A continuación da portada, o Índice debe conter a lista de biografías de científicos exactamente na mesma orde na que constan no traballo, e que se especificou no parágrafo anterior.